




INSTRUCCIÓN DE TRABALLO SOBRE O ACCESO AOS CENTROS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) FÓRA DO HORARIO HABITUAL DE APERTURA

PROCESO DE APROBACIÓN DA INSTRUCIÓN:

ELABORADO POR:	INFORMADO POR:	APROBADO POR:	INFORMADO O CONSELLO DE GOBERNO DA UDC
SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DA UDC REPRESENTADO POLA XEFA DO SERVIZO	COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE DA UDC REPRESENTADO POLA PRESIDENTA	XERENTE DA UDC (por delegación do reitor)	
 DOLORES ARIAS VÁZQUEZ	 AMALIA BLANCO LOURO	 JUAN MANUEL DÍAZ VILLOSLADA	
DATA 04/07/2013	DATA 02/01/2014	DATA 29/01/2014	

RESUMO DE REVISIÓNS DA INSTRUCIÓN

REVISIÓN NÚMERO	DATA	DETALLE DAS MODIFICACIÓNS

RESUMO DE ACTUALIZACIÓNS DAS REVISIÓNS

ACTUALIZACIÓN NÚMERO	DATA	DETALLE DAS ACTUALIZACIÓNS

ÍNDICE

1.	OBXECTO	4
2.	ÁMBITO DE APLICACIÓN	4
3.	MARCO XURÍDICO	5
4.	PERSOAS RESPONSABLES	5
5.	SOLICITUDES DE ACCESO E CONCESIÓNS	5
6.	ADVERTENCIAS DE SEGURIDADE	6
	Anexo I: SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE ACCESO A CENTROS DA UDC FÓRA DO HORARIO HABITUAL DE APERTURA	7
	ANEXO II: NORMAS BÁSICAS DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA:	8
	EN CASO DE INCENDIO	8
	EN CASO ATOPARSE ATRAPADO/A POLO LUME	8
	EN CASO DE AMEAZA DE BOMBA	8
	EN CASO DE EVACUACIÓN	9
	EN CASO DE ACCIDENTE GRAVE	9
	TELÉFONOS DE AXUDA	10

1. OBXECTO

Esta instrución ten por obxecto controlar os riscos que poidan producirse nos centros da UDC por mor do acceso a eles de persoas fóra do horario habitual co fin de regulalo, logo de consulta ao Comité de Seguranza e Saúde da UDC.

Dada a natureza das actividades que se desenvolven na Universidade, é frecuente que se realicen traballos fóra do horario establecido de apertura dos centros. A necesidade de dar continuidade a certos procesos e operacións no ámbito da docencia e da investigación xustifica a planificación do acceso e a coordinación interna que permita dar resposta a incidencias que puideren presentarse.

En ocasións pode darse o caso de que as actividades que se leven a cabo sexan supervisadas polas persoas responsables e, incluso, sexan informadas con carácter previo polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

A concesión da autorización de acceso ao centro non exime da necesidade de dispor da autorización previa para a realización de traballos con riscos especiais, cando se leven a cabo actividades consideradas como de especial perigosidade (entre outras: traballos con risco de incendio e explosión, traballos eléctricos en tensión, traballos tipificados como “en quente” ou “en frío”, traballos con risco de caída de alturas, traballos en espazos confinados etc.).

2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Espacial:

- Todos os centros da UDC, tanto de carácter docente como administrativo, cultural ou de investigación.
- Os espazos exteriores delimitados por un valado pechado, con portóns de acceso controlados pola UDC (Campus de Ferrol).

Persoal:

1. Todo o persoal da UDC pertencente aos colectivos de PAS, PDI e persoal de convenios e proxectos de investigación.
2. Persoal de empresas concesionarias de servizos ou de empresas adxudicatarias de contratos temporais coa UDC.
3. Alumnado da UDC.
4. Persoas participantes en actividades académicas ou doutra índole.

3. MARCO XURÍDICO

1. Lei 31/1005, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
2. RD 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.
3. Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguridade privada.

4. PERSOAS RESPONSABLES

As persoas que, no ámbito das súas competencias, deben implantar esta instrución e velar polo seu cumprimento son:

1. O reitor e o xerente (por delegación do reitor).
2. Os/as decanos/as de facultades, directores/as de escolas técnicas e responsables de centros.
3. Os/as directores de departamentos.
4. Os/as directores de institutos universitarios de investigación.
5. Os/as xefes/as e directores/as de servizos.
6. Os/as responsables de proxectos de investigación, investigadores principais.

5. SOLICITUDES DE ACCESO E CONCESIÓN

Para exercer o dereito ao acceso fóra do horario habitual deberase cubrir o impreso que figura como anexo I a esta instrución e tramitalo ante o responsable do centro ao que se pretende acceder. Para estes efectos, está a disposición na páxina web do Servizo de Prevención da UDC, no apartado de Procedementos documentados de traballo na UDC (Procedemento de acceso a edificios e instalacións con autorización previa / Instrución de acceso a centros fóra do horario habitual).

A persoa responsable do centro, con carácter previo á autorización, recadará as informacións necesarias para fundamentar a súa autorización; de ser o caso, requirirá o informe da persoa responsable da autorizada, que, non só estará informada das operacións que se vaian realizar, senón que dará as instrucións precisas referidas ao lugar e ás medidas preventivas que se deben adoptar, determinando, coa asesoría do Servizo de Prevención, se é posible ou non realizar traballos en solitario fóra do horario habitual. Comunicará as autorizacións ao Servizo de Vixilancia do Campus e ás Vicexerencias da Coruña e de Ferrol.

A autorización conterá a identidade das persoas con dereito de acceso, os lugares aos que se pode acceder e as datas de inicio e fin da autorización; a

persoa que autoriza dará traslado da súa resolución ás interesadas e á empresa de vixilancia do campus respectivo.

6. ADVERTENCIAS DE SEGURIDADE

A persoa autorizada identificarase ante o vixilante de seguridade, que fará as comprobacións oportunas; estará obrigada a comunicar aos vixilantes de seguridade do Campus o momento en que accede ao centro e o momento en que o abandona, igual obriga de comunicación se establece para aquelas persoas que accedendo en horario normal aos centros prolongan a súa xornada de traballo a horarios non habituais.

En caso de producirse unha situación de emerxencia, seguiranse as indicacións do Plan de autoprotección do centro cando xa fora implantado e, en todo caso, avisarase telefonicamente aos vixilantes de seguridade do campus

TELÉFONOS DE CONTACTO COS VIXILANTES DE SEGURIDADE DA UDC	
REITORÍA	616 145 345 – Ext. 1030
CAMPUS DA CORUÑA – RIAZOR	657 645 940
CAMPUS DA CORUÑA – OZA	692 442 803
CAMPUS DA CORUÑA – ELVIÑA	657 645 931
CAMPUS DA CORUÑA – A ZAPATEIRA	657 645 117
CAMPUS DA CORUÑA - BASTIAGUEIRO	651 573 492
CAMPUS DE FERROL – ESTEIRO/SERANTES	651 169 681 – Ext. 3399

**Anexo I: SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE ACCESO A CENTROS DA
UDC FÓRA DO HORARIO HABITUAL DE APERTURA**

Datos da persoa solicitante:

Apelidos e nome					
Vinculación coa UDC:				DNI	
Tel.:		Extensión:		Data	
Fax:		Correo el.:			

Datos do lugar de acceso:

Centro, departamento, servizo ou unidade	
Locais específicos de acceso e permanencia	

Motivación da solicitude de acceso, datas e horario:

--	--	--

Data de inicio:	Data de fin.:	Horario:
-----------------	---------------	----------

Quen solicita manifesta coñecer plenamente as súas obrigas, así como a súa total aceptación da instrución PD.PRLxx_IT.01 que regula este tipo de autorizacións.

_____, ____ de _____ de 20__

Asdo.: _____

Autorización do/a decano/a, director/a, responsable do centro

_____, ____ de _____ de 20__	
Cargo:	(selo do Centro)
Asdo.: _____	

ANEXO II

NORMAS BÁSICAS DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA

EN CASO DE INCENDIO

- ✓ Manteña a calma, non grite.
- ✓ Comunique a emerxencia accionando os botóns de alarma ou chamando ao número de teléfono de emerxencias da UDC **5555**.

Se non consegue comunicar coas emerxencias da UDC (5555), chame ao Servizo de Atención de Emerxencias **112**.

Se non consegue comunicar co Servizo de Atención de Emerxencias 112, chame ao Servizo de Bombeiros **080**.
- ✓ Se se atopa capacitado/a e a intervención no entraña perigo, tente apagar o lume usando os extintores existentes na zona; se non é posible, saia da zona logo de pechar portas e fiestras cando a magnitude do lume así o permita.

EN CASO DE ATOPARSE ATRAPADO/A POLO LUME

- ✓ Gatee, reteña a respiración e peche os ollos cando poida; se é posible, tape a boca cun pano húmido
- ✓ Peche as portas entre vostede e o fume. Tape os ocos ao redor das portas e aberturas, valéndose de trapos e alfombras. Mólleas se ten auga próxima.
- ✓ Avise a alguén do edificio utilizando o teléfono.
- ✓ Trate de avisar ou chamar a atención das persoas do exterior a través das fiestras, co fin de solicitar axuda e poder ser evacuado/a do lugar.

EN CASO DE AMEAZA DE BOMBA

- ✓ Se observa algún obxecto sospeitoso non o toque, avise ao teléfono de emerxencias da UDC **5555**.

Se non consegue comunicar coas emerxencias da UDC 5555, chame ao Servizo de Atención de Emerxencias **112**.

Se non consegue comunicar co Servizo de Atención de Emerxencias 112, chame á Policía Nacional **091**.
- ✓ Ao saír deixe as portas e fiestras abertas.
- ✓ Siga as instrucións dadas polo persoal do centro.

EN CASO DE EVACUACIÓN

No caso de activarse o sinal de evacuación:

- ✓ Desaloxe inmediatamente as instalacións. Intente deixar os equipos e instalacións en posición de seguridade.
- ✓ Manteña a calma e non se deteña nas saídas.
- ✓ Utilice as vías de evacuación establecidas ao respecto circulando pola dereita e preto das paredes.
- ✓ Non utilice os ascensores.
- ✓ Non retroceda para coller os seus obxectos persoais nin volva entrar na área evacuada.
- ✓ Se se atopa rodeado polo fume, agáchese e gatee.
- ✓ Peche as portas que atravesese.
- ✓ Obedeza as ordes do persoal do centro.
- ✓ Se detecta a falta dalgunha persoa comuníqueo ao persoal do centro.

EN CASO DE ACCIDENTE GRAVE

- ✓ Manteña a calma.
- ✓ Solicite axuda sanitaria.
- ✓ Non mova a persoa accidentada sen saber o que lle ocorre.
- ✓ Observe a situación antes de actuar.
- ✓ Non faga nada que non se saiba facer.
- ✓ Evite que a persoa accidentada se arrefría.
- ✓ Tranquilece a persoa accidentada se está consciente.
- ✓ Non mova a persoa accidentada a non ser que haxa que evacuala.
- ✓ Non lle dea de comer nin de beber se está inconsciente.

TELÉFONOS DE AXUDA

Emerxencias da UDC	5555
Emerxencias da Xunta de Galicia	112
Emerxencias sanitarias	061
Bombeiros	080
Policía Nacional	091
Policía Local	092
Garda Civil	062
Protección Civil	981 184 343
Información toxicoloxía	91 562 04 20
FREMAP Mutua de Accidentes	900 610 061
Consello de Seguridade Nuclear – Sala de Emerxencias	91 346 06 18
Consellaría de Industria	981 54 54 00
Avarías eléctricas Unión Fenosa Distribución	901 20 30 40
Incidencias 24H Gas Natural Fenosa	902 125 003
EMAFESA (Campus de Ferrol)	981 369 012
EMALCSA (Campus de Coruña)	981 154 080
Incendios Forestais	085